



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

A trata de seres humanos con fins de explotación sexual é unha terrible violación dos dereitos humanos que reduce as persoas, maioritariamente mulleres e nenas, a unha simple mercadoría. Trátase dun fenómeno que afecta a máis de dous millóns de persoas no mundo, e que, pola súa dimensión, é chamada “a escravitude do século XXI”. A trata de persoas con fins de explotación sexual cébase particularmente nas mulleres e nas nenas, o que constitúe unha manifestación máis da violencia de xénero, e convértese en obxecto de consumo no crecente mercado do sexo.

En novembro de 2000, a ONU puxo en marcha a Convención das Nacións Unidas contra o crime organizado transnacional, á que seguiu o Protocolo para a prevención, supresión e castigo do tráfico de persoas, especialmente mulleres e nenos. Así mesmo, a Unión Europea recolle no Programa da Haia de 2004 as dez prioridades en materia de liberdade, seguridade e xustiza, proporcionando recomendacións para traballar na eliminación da trata a través da información, a cooperación transnacional, a actuación policial, a axuda ás vítimas e a colaboración coa sociedade.

A eliminación da trata de persoas con fins de explotación sexual debe ser entendida en termos de cooperación internacional, dada a súa dimensión. Mais é importante o establecemento dun compromiso firme coa súa erradicación e coa posta en marcha das medidas legislativas, policiais, xudiciais e sociais precisas, poñendo énfase na recuperación da dignidade das vítimas, no castigo dos culpables e na sensibilización de toda a sociedade ante un grave delito que supón a violación dos dereitos humanos fundamentais.

Ante a celebración mundial, o mércores 23 de setembro, do Día internacional contra a explotación sexual e a trata de persoas, o Parlamento de Galicia quere facerlle un chamamento á sociedade galega, que non pode quedar allea ao sufrimento das vítimas, para que se sume a esta mostra de rexeitamento a este terrible fenómeno, e enviarlles ademais unha mensaxe de solidariedade e apoio ás vítimas así como reiterar o compromiso no traballo conxunto dos poderes públicos, as asociacións e organizacións e a cidadanía na loita contra a trata e a explotación sexual das mulleres e nenos e nenas.

Así mesmo, reiteramos o noso compromiso de perseguir as persoas que se lucran coa explotación sexual das mulleres, nomeadamente as mafias e os proxenetas; e de apoiar, protexer e asistir as vítimas. Unha sociedade que permanece allea a esta lacra debe reconsiderar o seu concepto de liberdade e de dereitos humanos. Unha vez máis, temos que conseguir que a violencia exercida contra as mulleres deixe de ser una cuestión privada para se converter, na súa prevención e erradicación, nun compromiso de toda a sociedade galega.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2009